

O HOTEL A BEIRA DO RÍO

Hong Sang-soo, 2018

582

ESTREA EN NUMAX: 30.08.2019 | V.O.S.E. | +7

Gangbyub Hotel (2018, 96')

Dirección: Hong Sang-soo

Guión: Hong Sang-soo

Elenco: Kí Joo-bong, Kim Min-hee, Kwon Hae-hyo,
Song Seon-mi, Yu Jun-sang

Son: Seo Jihoon

Montaxe: Yeon-ji Son

Fotografía: Kim Hyeong-Gyu

Produtora: Jeonwonsa Film (Corea do Sur)

Distribuidora: Good Films

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Coreano

PREMIOS E FESTIVAIS

Xixón 2018 (Mellor Filme, Dirección e Actor), Locarno 2018 (Mellor Actor)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Na praia soa de noite, 2017

A cámara de Claire, 2017

O teu e ti, 2016

Agora si, antes non, 2015

En otro país, 2012

The Day He Arrives, 2011

Mujer en la playa, 2006

La puerta del retorno, 2002

SINOPSE

Un poeta que se hospeda nun hotel da ribeira chama os seus dous fillos cos que non se reúne desde hai tempo para que vaian velo. Esta repentina decisión parece estar motivada pola súa estraña impresión de que vai morrer en calquera intre. Mentres a familia tenta poñerse ao día, unha muller que foi enganada pola súa parella múdase ao hotel. Nada máis chegar ao seu cuarto, telefona a un amigo para que se encontre con ela. Sumidos na desesperación, unha repentina nevarada entrelaza ambas historias.

«Un dos filmes máis emotivos e autorreflexivos do director. Para fans de Hong, Rohmer e Ingmar Bergman»

Ben Kenigsberg, THE NEW YORK TIMES



Emocións baixo a neve

Por Dani Rodríguez

Á vista das renovacións formais e estéticas que Hong Sang-soo está a operar sobre as súas habituais historias melodramáticas, non parece casualidade que o protagonista do seu último filme sexa un poeta. O cineasta coreano bota man dun fermoso branco e negro para emprazar nun espazo idílico os seus complexos personaxes que coñeceremos a través dun núcleo argumental dividido en dúas historias: a primeira, concibida como epicentro da acción, ten como protagonista a un escritor que decide vivir a recta final da súa existencia no hotel que dá nome ao filme; a segunda está protagonizada por unha muller que sufriu un desengaño amoroso e busca neste afastado espazo un lugar de repouso.

O xélido e nevado inverno no que se sitúa a historia ofrece motivos visuais á sobrecolledora fotografía do filme. Así, o realizador coreano achega variacións cromáticas pero mantén as súas preocupacións de fondo. N' *O hotel á beira do río* encontramos a singular emotividade dos seus personaxes, con especial atención cara á relación paterno-filial. Serán os afiados diálogos entre pai e fillos que, en moitas ocasións, rememoran

o seu pasado, os que definan a absoluta decadencia emocional sobre a que Hong Sang-soo edifica as capas de sentido do filme.

A aposta máis forte no aspecto narrativo consiste en facer avanzar dúas liñas narrativas diferenciadas, mesmo opostas entre si, pero que de maneira inevitábel rematarán uníndose, xerando unha retroalimentación entre as emocións e os sentimentos dos protagonistas de ambas historias. Esta estratexia narrativa permite ao director atinxir a un tempo as relacións familiares e sentimentais. A desesperanza sitúase na cerna expositiva de cada unha das escenas que Sang-soo filma baixo a xélida paisaxe, se ben esta se atopa adubada polo fino sentido do humor tan característico do director coreano, que neste filme acada certa irreverencia.

Pode resultar redundante lembrar os reducidísimos gastos de produción do cinema de Hong Sang-soo ou o coidado traballo cos seus actores, pero é obrigatorio mencionar a sobresaliente interpretación de Ki Joo-bong, que non só ofrece unha actuación chea de texturas, senón que personifica de maneira tenaz a variedade tonal coa que xoga o filme. Non en van o actor recibiu premios polo seu traballo en Locarno e Xixón. O armazón narrativo d' *O hotel á beira do río* facilita a expresión dos conflitos afectivos dos seus personaxes que, ao entrar en contacto, activan todo tipo de intensas sensibilidades. Sang-soo explota así as súas mellores armas, cun pouso poético

que emana da representación dramática e unha sensación de proximidade do espectador cara aos seus personaxes. *O hotel á beira do río* ofrece unha suxestiva renovación estética das súas eternas preocupacións: o amor, a separación, as emocións ou a aflicción preséntanse nuns parámetros formais que podemos considerar como inéditos no seu cinema.

Publicado en www.cinemaldito.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

O director

Hong Sang-soo (Seul, 1960) iniciou os seus estudos de cinema na Universidade coreana de Chung-Ang, cun máster final no College of Arts and Crafts de California. Desde que en 1996 debutase na dirección con *El día que un cerdo cayó al pozo* o anovador estilo formal e narrativo de Hong contou coa admiración de crítica, público e festivais, con premios en Cannes (*Hahaha*, 2010), Locarno (*Agora sí, antes non*, 2015), San Sebastián (*O teu e ti*, 2016) ou Berlín (*En la playa sola de noche*, 2017). Premiada en Xixón e Locarno, *O hotel á beira do río* emerxe como a última xema dun cineasta tan prolífico como estimulante.

ALDARA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que agardas para abonarte?

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

